



Concello de Lourenz

ACTA

Expediente nm.:	rgano colexiado:
PLN/2019/8	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	21 de novembro de 2019
Duracin	Desde as 20:35 ata as 21:15 horas
Lugar	Saln de Sesins
Presidida por	rocio lopez garcia
Secretario	Begona Gonzlez Pedregal

ASISTENCIA  SESIN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	S
35312108R	AUREA MARA VZQUEZ ABAL	S
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRANA	S
34880827Q	ENRIQUE JOS ROCHA PREZ	S
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRGUEZ BARRERA	S
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	S
71865319W	MANUEL ARANGO RON	S
33844382C	MARIO LEITN RAMALLAL	S
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	S
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	S

Concello de Lourenz





Concello de Lourenzá

76580879X	ROCÍO LÓPEZ GARCÍA	SÍ
-----------	--------------------	----

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN BORRADOR DEL ACTA DE LA SESIÓN ANTERIOR DE 21/10/19.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data vinte e un de outubro do dous mil dezanove (21/10/19) , distribuída coa convocatoria, e non habendo nada, o borrador da acta da dita sesión foi aprobada por unanimidade dos presentes.

Expediente 95/2019. BONIFICACIÓN CANON SOGAMA E REPERCUSIÓN NA TAXA DO LIXO.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidad e/Asentimento

Iniciado este punto, por parte da Alcaldía explicouse sucintamente o contido da súa proposta e aberto o debate, por parte do voceiro do B.N.G., Sr. Rocha Pérez, preguntouse se o concello levara a cabo algún tipo de acción ó que se refería ó escrito de Sogama cando falaba de fomentar o reciclaxe de envases lixeiros, ó que por parte da Alcaldía contesouselle afirmativamente, indicando que efectivamente repartiran vinte e cinco composteiros e que tamén, a través do Plan Unico, adquiriran distintos tipos de contedores como podían ser iglús, contedores de papel-cartón e contedores verdes e amarelos, aclarouse tamén que o desconto faríase no carto trimestre do ano 2019.

Dado por finalizado o debate e visto que que a Lei 3/2018 de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas introduciu (a través do seu artigo 11) un novo apartado (Tres, bis) na Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013 de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

Galicia para o ano 2014, no que se abre a posibilidade de establecer bonificacións no canon unitario de tratamento de residuos urbanos sempre que concorran circunstancias económicas de cumprimento dos obxectivos orzamentarios así como as previsións do Plan de Viabilidade da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA).

Visto que no ano 2018 déronse estes requisitos e polo tanto o Consello de Administración da Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) acordou a rebaixa do 10% no canon que cobra os concellos adheridos e que tivo efecto a partires do mes de Xaneiro/19 que pasou de 69,83 euros/tonelada + IVE ós 62,93 euros/tonelada + IVE e que esta bonificación vincúlase ó cumprimento de dous requisitos básicos, que son fomentar a reciclaxe de envases lixeiros conforme as directrices europeas así como trasladar esta rebaixa do recibo á veciñanza en calidade de beneficiaria do servizo.

Visto que o Concello solicitou dita modificación con data 20/02/2019 asumindo ambos compromisos e nese sentido, o Concello de Lourenzá adquiriu, a través do Plan Único /2019, material para fomentar o reciclaxe por importe de 6.273,85 euros, consistente en vinte (20) suxeita contedores, Dez(10) contedores amarelos de 800 litros, vinte (20) contedores verdes de 800 litros, Dous(2) iglús de vidro e Un (1) contedor de papel-cartón, e ademais levouse a cabo unha campaña de compostaxe domésticas repartindo vinte e cinco (25) composteiros.

Visto que, entre os meses de xaneiro e febreiro do 2020, a autoridade competente da entidade local, deberá remitir a Sogama un certificado mediante o cal se acredite a materialización efectiva das medidas descritas anteriormente.

Visto que a bonificación sobre o canon único de Sogama para o ano 2019 é dun 10% sobre o canon único aplicado en 2018 e para ese mesmo ano, o desconto nas toneladas houbera suposto un aforro total de Catro mil seiscientos setenta e nove euros con seis céntimos (4.679,06.-).

Visto o informe de Secretaría-Intervención en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para proceder a Modificación da Ordenanza Fiscal Núm.7, Reguladora da Taxa por Recollida de Residuos Sólidos Urbanos.

Visto o informe técnico-económico para a Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por Recollida de Residuos Sólidos Urbanos.

Conforme ao artigo 54 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, o Pleno deste Concello, previa deliberación e por maioría dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal de membros da Corporación, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a Modificación da Ordenanza Fiscal Núm. 7, Reguladora da Taxa por Recollida de Residuos Sólidos Urbanos, nos termos en que figura no expediente e coa redacción que a continuación se recolle:

«Engadir á Ordenanza Fiscal Núm.7, Reguladora da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos, unha “Disposición Adicional Primeira”, co seguinte texto:

“Disposición Adicional Primeira: Nos exercicios en que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, estableza unha bonificación do 10% no canon unitario de SOGAMA e o concello de LOURENZÁ deba trasladar o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, establecerase unha bonificación no importe da tarifa do cuarto trimestre equivalente a dita bonificación.”

SEGUNDO.- As cotas do terceiro trimestre quedarán cos seguintes importes:

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenz

EPIGRAFE	TARIFA 4º TRIMESTRE	DESCUENTO 13,50% Euros	TARIFA A PAGAR CON DESCUENTO Euros
EP.1º.-VIVENDAS	30,20	4,08	26,12
EP.2º.-ALOXAMENTOS, LETRA D):Pensins, Casas Hspedes, Centros hospitalarios, Colexios e anlogos	40,46	5,46	35,00
EP.3º.-ESTABLECEMENTOS ALIMENTAC. LETRA A) Supermercados, economatos e cooperativas	81,06	10,94	70,12
EP.3º.-ESTABLECEMENTOS ALIMENTAC. LETRA B) Almacns por maior froitas, verduras e hortalizas.	81,06	10,94	70,12
EP.3º.-ESTABLECEMENTOS ALIMENTAC. LETRA C) Pescaderas, Carniceras y similares	40,46	5,46	35,00
EP.4.-ESTABLECEMENTOS RESTAURACION LETRA A) Restaurantes.	80,86	10,92	69,94
EP.4.-ESTABLECEMENTOS RESTAURACION LETRA B) Cafeteras.	40,46	5,46	35,00
EP.4.-ESTABLECEMENTOS RESTAURACION LETRA D) Bares	40,46	5,46	35,00
EP.5.- ESTABLECEMENTOS ESPECTCULOS LETRA B)Salas festas e discotecas.	48,94	6,61	42,33
EP.6.- OUTROS LOCAIS INDUSTRIAIS O MERCANTIS.LETRAS B) Oficinas bancarias.	40,46	5,46	35,00
EP.6.- OUTROS LOCAIS INDUSTRIAIS O MERCANTIS LETRA C) Grandes almacns e establecementos.	48,94	6,61	42,33
EP.6.- OUTROS LOCAIS INDUSTRIAIS O MERCANTIS. LETRA D) Demais locais no expresamente tarifados.	48,94	6,61	42,33
EP.6.- OUTROS LOCAIS INDUSTRIAIS O MERCANTIS LETRA D) Pequenos locais de negocios no expresamente tarifados.	40,46	5,46	35,00
EP.7.-DESPACHOS PROFESIONAIS	40,46	5,46	35,00
EP.8.- VIVENDAS NO MEDIO RURAL	24,16	3,26	20,90

TERCEIRO.- Dar ao expediente a tramitacin e publicidade preceptiva, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85 de Bases de Rxime Local e artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante exposicin do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletn Oficial da Provincia, por prazo de trinta das hbiles, dentro dos cales os interesados podern examinalo e expor as reclamacins que estimen oportunas. As mesmo, estar a disposicin dos interesados na sede electrnica deste Concello :<http://concellodelourenza.sedelectronica.gal>.

CUARTO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacins ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo  definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

QUINTO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, Da. Roco Lpez Garca para a sinatura de documentos e xestin de trmites necesarios para a execucin do presente acordo as como para facer, no seu caso, e nos vindeiros anos, as modificacins que correspondan nas cotas do ltimo trimestre do Padrn da Taxa de recollida de

Concello de Lourenz





Concello de Lourenzá

residuos sólidos urbanos, dándose conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Expediente 199/2018. EXAME E APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO DOCUMENTO " MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM.7 DO PLANEAMENTO DE LOURENZÁ PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE " O BORDÓN" REDACTADO POR MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.P A INSTANCIA DE D^a. ELENA FERNÁNDEZ FANEGO.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/
Asentimento

Neste punto e iniciado o debate, tanto por parte do voceiro do B.N.G., Sr. Rocha Pérez, como por parte do voceiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barrera, solicitaron á Alcaldía que, dada a complexidade do tema, e que consideraban que dous días eran insuficientes para poder examinar toda a documentación e poder ter unha opinión sobre o asunto xa que tampouco tiñan moitos coñecementos na materia, considerara a opción de deixalo sobre a mesa para tratalo nunha Xunta de Voceiros e pospoñer o seu debate para ó próximo Pleno para poder ter máis coñecementos sobre o asunto a tratar.

Pola Alcaldía tomouse en consideración a petición dos dous grupos da oposición e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e polo tanto co quórum requirido, acordouse deixar o asunto sobre a mesa para un maior estudo e velo con máis detalle nunha reunión de voceiros antes de sometelo á deliberación do Pleno.

Expediente 841/2019. MOCIÓN PRESENTADA CONXUNTAMENTE POLOS VOCEIROS DO P.SO.E/P.P./ B.N.G. SOLICITANDO QUE SE ADIQUE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS /2021 A D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO E QUE SE LEVEN A CABO EN LOURENZÁ OS PRINCIPAIS ACTOS DO DITO DÍA.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/A
sentimento

Neste punto da orde do día, polo voceiro do P.S. de G-P.S.O.E., Sr. Arango Ron, explicouse que o motivo de presentar a moción fora que, se ben aprobase unha no ano 2014, aquela tiña un erro en canto as datas xa que se pedía que o

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

Día das Letras Galegas do ano 2020 dedicárase a D. Francisco Fernández del Riego, o cal era de todo punto imposible posto que tiñan que pasar dez anos dende o seu pasamento e estes non se cumprían ata o mes de novembro do 2020 (o día das letras galegas celebrase no mes de Maio) e por iso , os tres grupos políticos que conformaban a Corporación consideraban moi importante e necesario facer de novo a petición para que o Día das Letras Galegas do ano 2021, despois de cumprirse o décimo aniversario do seu pasamento, se lle dedicara a D. Francisco Fernández del Riego.

Feita esta pequena introdución, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA aprobar a seguinte MOCIÓN:

“Reunidos os voceiros dos grupos políticos que conforman a Corporación Municipal de Lourenzá (PSOE, PP e BNG) , acordan presentar ao Pleno a seguinte MOCIÓN:

SOLICITAR Á REAL ACADEMIA GALEGA (RAG) QUE SE LLE ADIQUEN A D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DO ANO 2021, DESPOIS DE CUMPRIRSE O DÉCIMO ANIVERSARIO DO SEU PASAMENTO.

O motivo principal desta moción é o recoñecemento do que foi un escritor, intelectual e político laurentino que desenvolveu desde a década de 1930 un traballo constante e recoñecido a favor da cultura e da lingua galega.

D. Francisco Fernández del Riego (Salvador Lourenzá, Cosme Barreiros, Adrián Soutelo, Adrián Solovio), nace en Vilanova de Lourenzá o 7 de xaneiro de 1913. Estuda Dereito e Filosofía e Letras en Madrid e Santiago. Participa activamente na campaña en apoio do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936. Era membro destacado da xeración de xoves intelectuais do Seminario de Estudos Galegos. En 1943 empeza a reorganizar o Partido Galeguista na clandestinidade. En 1950 funda, xunto con outros galeguista, a Editorial Galaxia. En 1960 ingresa na Real Academia Galega, sendo o promotor da celebración do Día das Letras Galegas. En 1963 codirixe con D. Ramón Piñeiro a revista Grial. En 1997 é elixido Presidente da Real Academia Galega.

A súa obra, case toda consagrada a Galicia, é abundante e variada(Historia da Literatura Galega, Galicia no espello, Dicionario de escritores en lingua galega, O cego de Pumardedón, As peregrinacións xacobeas, O río do tempo, etc.).

Foi recoñecido con numerosos galardóns: Premio Trasalba, Premio Pedrón de Ouro, Medalla de Ouro da cidade de Vigo, Premio de creación cultural da Xunta de Galicia, Premio Celanova, A Casa dos Poetas, Medalla Castelao, Premio das Artes e das Letras de Galicia, etc.).

En novembro do 2001 o Concello de Lourenzá noméao Fillo Predilecto e ponlle o seu nome a unha das salas da Biblioteca Municipal.

Morre en Vigo o 26 de novembro de 2010.

Por todo o exposto, os voceiros dos grupos políticos que conforman a Corporación Municipal, SOLICITAN do Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

Instar á Real Academia Galega (RAG) a que no ano 2021, despois de cumprirse o décimo aniversario do seu pasamento, se lle adique o Día das Letras Galegas a D. Francisco Fernández del Riego e que os principais actos desta celebración teñan lugar na súa vila de nacemento, Vilanova de Lourenzá.”

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓ N CONTA RESOLUCIÓ NS ALCALDÍA DENDE A NÚM.1244 DE 16/09/2019 ATA A NÚM.1451 DE 15/11/2019 AMBAS INCLUSIVE (1363-1379-1391-1399 ANULADAS).

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolució ns da Alcaldía dende a número 1244/19 de data 16/09/2019 ata a número 1451/19 de data 15/11/2019 , ambas inclusive (foron anuladas as números 1363-1379-1391-1399). Por Secretaría indicouse que segundo a resolució n da Alcaldía de 12/11/19 apartires de agora non se incluí ría o texto delas neste punto, xa que tiñan acceso directo ó Libro de Resolució ns.

DACIÓ N DE CONTA DA RESOLUCIÓ N ALCALDÍA DE 12/11/2019 SOBRE ACCESO DOS CONCELEIROS Ó LIBRO DE RESOLUCIÓ NS.

Neste punto deuse conta ao Pleno, da Resolució n da Alcaldía, de data 12/11/2019, referente ó acceso dos concelleiros ó Libro de Resolució ns da Alcaldía, sendo o seu contido literal o que segue, quedando os concelleiros enterados do contido da mesma:

“D^a. ROCÍ O LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ (LUGO), EXPÓN:

Por parte do voceiro do B.N.G., Sr. D. Enrique José Rocha Pérez, na sesión celebrada o pasado mes de setembro, solicitarase algún modo máis eficiente para ter coñecemento do contido das resolució ns da Alcaldía posto que, dado o inxente número delas, facíase imposible velas nos dous días anteriores á convocatoria da correspondente sesión plenaria.

A solució n suxerida de poder acceder a elas dando conta das mesmas á Xunta de Goberno Local, posto que, dado que celebrábase unha cada mes, non se acumularían tantas, non é posible porque os concelleiros da oposició n no teñen acceso directo ós expedientes incluí dos nas convocatorias de dito órg ano colexiado, senón ao borrador da acta da sesión, co cal non sería viable desa maneira.

Esta Alcaldía, en aras a respectar o dereito que teñen todos os concelleiros ó acceso á informacó n de todas aquelas resolució ns ou acordos adoptados por calquera órg ano municipal para poder cumprir a súa funció n plenaria de control e fiscalizacó n dos mesmos e tendo en conta que aínda que o Regulamento de Organizacó n , Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais fala de que a consulta da informacó n se leve a cabo exclusivamente nas dependencias municipais, tendo en conta que a redacció n do R.O.F. ten permanecido inalterable dende a súa entrada en vigor en 1986 e que fái se necesario actualizar o acceso á informacó n por parte dos concelleiros na situacó n actual da Administracó n electró nica e dixital, e considerando que, tal e como se dispón no artigo 3.1 do Código Civil, que “las normas se interpretarán, entre otras cosas, según la realidad del tiempo en que en que han de ser aplicadas”, RESOLVE:

***PRIMEIRO.-** Facilitar ó acceso ó Libro de Resolució ns da Alcaldía a todos os concelleiros, dando para iso unhas claves de usuario a través da plataforma electró nica GESTIONA, que é a utilizada polo Concello, e que lles permitirá a consulta do Libro Electrónico de Resolució ns da Alcaldía entendendo os concelleiros que dita informacó n soamente poderán utilizala no ámb ito das súas competencias, tal e como se establece na Lei de Bases de Réxime Local. Dito acceso será facilitado a partires do día 16/11/2019 e polo tanto, no pleno do mes de novembro darase conta das Resolució ns ata dita data.*

***SEGUNDO.-** En consecuencia, nas convocatorias dos plenos, unha vez que os concelleiros teñan acceso ó Libro, incluí rase un punto no que se informará das Resolució ns ditadas dunha sesión plenaria a outra, dando conta do número e data da primeira e da última ditadas nese período, pero sen*

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

incluir os textos de cada unha delas no apartado "Documentación".

TERCEIRO.- Dar conta ó Pleno da presente Resolución na primeira sesión que se celebre. Asino a presente Resolución, en Lourenzá a doce de novembro do dous mil dezanove.

DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA 3º TRIMESTRE 2019.

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre a execución do presuposto correspondente ó **TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2019**, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 17/10/2019, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

DACIÓN DE CONTA DO PMP DO 3º TRIMESTRE 2019.

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do **TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2019** relativo ao **CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES** de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpriuse no Segundo Trimestre do Exercicio 2019, posto que o Período Medio Global foi de 6,94 días.

Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 17/10/2019.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS PRESENTADOS POLO B.N.G.

Neste apartado, foron presentados os seguintes ROGOS polo grupo municipal do B .N.G.:

A) Por parte da Sra. Vázquez Abal rogouse a Alcaldía a actualización da páxina web do Concello para que apareceran os concelleiros actuais.

Pola Alcaldía contestóuselle que tiña toda a razón e que o seu rogo sería atendido.

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

B) Tamén por parte da Sra. Vázquez Abal, rogouse a Alcaldía que na Praza de Linares Rivas se colocara un contedor para dar servizo ó Recanto e que os contedores do Torreón volveran para o seu sitio.

A Sra. Alcaldesa explicou que por petición dos veciños se sacaran os contedores soterrados e puxéranse os bancos e as papeleiras, que de feito deixara soamente o do papel , pero que tamén querían que se sacara, e que en principio, de maneira puntual, colocáraos arriba da peluquería de Mercedes, pero tiñan o problema que o camiión non pasaba por alí, en ningunha ruta pasan por ese lado, e estivera varios día sen recollida, que ela llo trasladada varias veces á empresa e non dera solucionado o problema, e que a realidade é que é difícil atopar unha situación que contente a todos, que de feito ó do Recanto tíñalle ofrecido un contedor para que o puxera dentro do local, pero non o quixera porque non tiña onde telo dentro e volvelo a poñer onde se sacara, ía a causar moito malestar.

A continuación abriuse un pequeno e distendido debate sobre cal sería a ubicación máis adecuada non atopándose unha solución definitiva, aínda así pola Alcaldía díxose que se volvería a mirar.

En canto ós contedores do Torreón, A Sra. Alcaldesa dixo que puxéraos alí provisionalmente, pero que ela cría que mellor que volver para o seu sitio estaban no aparcamento, porque así non se ocupan prazas de estacionamento, pero que tiña que mirar e pensar cal sería a mellor ubicación.

PREGUNTAS P.P. FORMULADAS SESIÓN 19/09/19.

PRIMEIRA: Antes das pasadas eleccións municipais, do 26 de maio, estiveron asfaltando e bacheando as máquinas da Deputación. ¿Quen da Corporación dirixiu estes traballos?. Fomos Mario, concelleiro encargado de camiños e vías naquel momento e eu.

SEGUNDA: A principios de Xuño, o tractor municipal rozou a carretera LU-P-2804 que vai dende o Pedrón a Cazolga e que é de titularidade da Deputación. ¿ Por que razón? ¿Vaise facturar ese traballo? ¿ Van facer o mesmo co resto das carreteras da Deputación que hai no concello e que están sen limpar dende o ano pasado?.

Pola Alcaldía indicouse que efectivamente a estrada da Cazolga rozarana no mes de xuño porque dado o estado no que se atopaba e a cantidade de silvas que había que chegaban case o medio da estrada, era perigoso tanto para os vehículos como para os viandantes, que fora unha medida adoptaba con carácter de urxencia, que de feito chamaran á Deputación solicitando que viñeran a desbrozala pero contestaran que aínda non puxeran en marcha o plan de desbroce provincial e que comezarían polos concellos que tiñan praias, e por iso vímonos obrigados a facer algo, pero fixeramos un desbroce un pouco por encima para saír do paso, que fora algo puntual, e que despois foran rozadas todas coas máquinas da Deputación.

TERCEIRA: Contáronnos os veciños que unha empresa privada estivo

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

facendo labores de desbroce das pistas municipais. ¿ Por que motivo? ¿ Vai seguir sendo así? ¿ Ten que ver que o tractor municipal está máis tempo parado que traballando? ¿van a privatizar o servizo?.

A Sra. Alcaldesa contestou que efectivamente recorreran a una empresa privada, que fora un reforzo do servizo de desbroce, que o necesitaran de forma puntual, pero que o servizo ía a seguir prestándose da mesma maneira, que non se ía a privatizar pero que estaban traballando para mellorar a calidade do mesmo e que iso non quitaba para que, nun momento puntual, como fora ese, votaran mao dunha empresa privada se consideraban que era necesario.

PREGUNTAS B.N.G. PARA PLENO NOVIEMBRE 2019.

PRIMEIRA: O pasado venres 23/08/2019 un todo terreo colisionou contra un poste do tendido eléctrico deixando sen alumeado público a área recreativa do lugar de “A Cazolga”, as casas e as estradas da contorna dende ese día ata o día de hoxe, polo de agora. No pleno de setembro o grupo municipal do BNG fixo unha consulta sobre este tema, a cal se nos respondeu que se estaba a agardar polo pago do seguro de vehículo.

PREGUNTA:

- 1.-Hai prazo para o arranxo do alumeado?
- 2.- De non existir prazo, porque non o arranxa o concello e despois xa fará as xestións oportunas co seguro do vehículo?

Pola Alcaldía contestouse que eran os primeiros que lamentaban moitísimo que a situación se prolongase tanto no tempo, que, en concreto ela, tiña sempre na cabeza e que se tivera sabido que ía ser así e que ían a tardar tanto, terían adoptado algunha medida puntual e máis rápida e que aínda a semana pasada falaran coa xestoría e que hoxe, dada a pregunta presentada, pediránlles un informe por escrito e nel dicían que o expediente estaba en fase de reclamación á compañía contraria e a espera do abono dos danos. Continuou dicindo que a solución facíase difícil, que non sabían canto máis podían tardar, que poderían ser días ou semanas, e que a ela ocorriase que, de forma puntual, podían poñer un foco ao principal veciño afectado, no seu contador, porque vive alí, aínda que tampouco o vía claro porque non sabía moi ven como facelo e se era posible.

O Sr. Rocha Pérez insistiu en que terían que buscar a forma de atopar unha solución aínda que fora provisional porque pasaran xa case catro meses dende o incidente.

SEGUNDA: No lugar da cazolga dende fai xa uns anos, temos unha fonte situada antes da ponte de dito lugar, que non se lle pode chamar fonte o carecer de servizo de H2O.

PREGUNTA:

- 1.-Ten pensado o concello tomar algunha medida e restablecer o servizo?

O Sr. Rocha Pérez indicou que dita fonte levaba sen auga xa con anterioridade ó actual goberno, pero preguntaba se podería haber algunha solución de arranxala porque a imaxe que daba era bastante regular a entrada do lugar e que varios veciños pedíranllelo.

A Sra. Alcaldesa informoulle que cría que estaba en Villapol aínda que tamén ela referíase como a fonte da Cazolga, que dende o concello xa tiñan intención de dotala de subministro de auga, que xa o miraran varias veces, que foran a ver se había algún tipo de manancial, porque no seu día arranxárase e

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

deixarse sen ese abastecemento, que os veciños contaránlle que antes había prados pero que agora estaba todo plantado con eucalipto e o problema era saber se realmente habería abastecemento de auga, que foran os concelleiros Mario e Javier e que non viron que houbera ningunha canalización e tampouco vían claro que puidera ter caudal suficiente para facer algún tipo de canalización, que había unha arqueta seca totalmente.

A Sra. Dengra Sixto apuntou que cando se amañara non se fixera ningún tipo de canalización, que soamente amañárase e que se collera a auga dos prados, pero que non había un manancial e que non se ían a gastar os cartos se non había forma de levar auga, que nos veranos sempre secaba. Expúxose a posibilidade de darlle outro uso ou incluso sacar a billa.

TERCEIRA: Dende o grupo municipal do BNG temos constancia de problemas coa seguridade vial no estreito de Redondelo.

PREGUNTA:

1.-Sabendo que non é unha estrada competencia do concello, ten pensado o equipo de goberno instar a deputación provincial a arranxar o problema?

- O Sr. Rocha Pérez despois de insistir en que eran coñecedores que a estrada non era competencia do concello, e non era a súa responsabilidade directa pero que se dende o concello facían algún tipo de instancia ou petición, tiñan o seu apoio para calquera acción conxunta para tentar o arranxo do problema.

A Sra. Alcaldesa contestou que efectivamente era un problema que xa lle trasladaran os veciños nalgunha ocasión, que de feito, na anterior lexislatura, ela xa o comunicara á Deputación oralmente, que lles falara da posibilidade de colocar unhas bandas rugosas ou ben uns luminosos, aínda que non sabía se sería suficiente ademais a xente non lle gustaba o das bandas rugosas polo ruído que facían, que o pedían pero que despois ninguén quería as bandas e non sabía ademais se sería a medida máis axeitada, pero que lle parecía boa idea trasladar a petición por escrito á Deputación e dado que a estrada era da súa competencia, sería bo que fixeran un estudio sobre cal sería a medida máis apropiada para poñer alí, que ela pensaba que as bandas rugosas cos camións pesados que pasaban por alí a diario, non durarían un mes.

O Sr. Rocha Pérez insistiu en que contaban co apoio do seu grupo para calquera acción que fixeran diante do organismo provincial.

CUARTA: Na pasada lexislatura quedou pendente de aprobación o inventariado de camiños do concello de Lourenzá.

PREGUNTA:

1.-Cal é o estado actual de dito inventariado?

Pola Alcaldesa indicouse que efectivamente o inventario de camiños xa quedara pendente de aprobación na pasada lexislatura porque tiña varios erros que había que emendar, que estiveran traballando niso pero que coas eleccións municipais quedara un pouco aparcado e que agora ían retomar o tema para intentar traer ó Pleno, para a súa aprobación, o documento do inventario de camiños cos menos erros posibles e adaptado a rede de estruturas municipais para así poder aprobalo, posto que era da opinión que era unha ferramenta moi necesaria e moi útil para casos ,por exemplo, como a elaboración do plan de prevención de incendios.

Neste punto interveu o Sr. Arango para indicar que, previo a súa aprobación polo Pleno, sería conveniente que se pasara ós grupos políticos para que advertiran das irregularidades que viran e non volvera a pasar o mesmo.

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

QUINTA: O pasado mes de xullo o grupo municipal do BNG presentou ao equipo de goberno un documento no que facíamos referencia, a 5 puntos de urxente necesidade para o noso concello. Pasado xa máis de 100 días creemos que queda moito por facer en algún deles, e todo noutros.

PREGUNTA:

1.-Ten pensado o grupo de goberno municipal dar algún paso máis sobre eses puntos?

Pola Alcaldesa indicouse que ía contestar punto por punto e así:

a) En canto o primeiro punto, pola Alcaldía díxose que pediran o arranxo das principais vías do concello, e que aínda que seguía habendo moitas necesidades, en concreto solicitaran o arranxo das que atravesaban o centro da vila, e en relación con estas, había un proxecto xa aprobado pero que naquel momento estaba sen executar, pero que agora xa estaba feito e rematado.

b) Respecto ó segundo punto, tamén pediran o reforzo do servizo de limpeza de vías municipais co tractor municipal e para iso propoñían a contratación dun novo operario para andar co tractor polas tardes, pola Sra. Alcaldesa respostouse que non se procedera a contratar ningunha persoa máis pero, tal e como se vira antes, reforzaran o servizo, na medida do posible e en determinados momentos puntuais coa contratación dunha empresa externa.

c) En canto o Punto de Información para gandeiros e agricultores, a Alcaldía apuntou que aínda que non fora necesario para os grandes agricultores e gandeiros porque estes xa tiñan os seus propios medios, efectivamente podería ser de utilidade para os pequenos que non dispoñían deses medios para levar a cabo estes trámites, pero que entendía que contratar unha persoa soamente para estes trámites escapábase das súas maos, pero que pensaba que o que podía facerse era solicitar á Consellería de Medio Rural que enviaran unha persoa cualificada, un ou dous días á semana para dar información, como se facía co axente forestal.

Tomou a palabra a concelleira do B.N.G., Sra. Vázquez Abal (invitada pola Alcaldía dado o seu traballo en Extensión Agraria en Mondoñedo), para informar que nalgún concello estaban dando cursos para ensinar o manexo da Oficina Agraria Virtual, e que trataríase de ter un servizo dunha persoa unha ou dúas horas os días que foran á semana (ofrecéndose ela mesma a vir de balde) para ensinar a facer esas cousas, como baixas etc. aos que tiveran ordenador na casa e para o que non o tiñan, vindo esas horas poderíase prestar o servizo no concello para que non tiveran que ir a Mondoñedo. Indicou que tamén podíase solicitar á Medio Rural que viñeran a impartir algunha charla informativa que puidera resultar de interese.

d) Polo que refire ó Servizo de madrugadores, pola Alcaldía informouse que, en relación con este tema, tanto por parte do P.A.I. como por parte do Colexio, ninguén lle trasladara a necesidade deste tipo de servizo, que prestalo suporía un coste elevado, pero que se houbera unha necesidade real, obviamente estudaríana; continuou dicindo que na actualidade, no P.A.I., remataban este curso sete nenos e había xa outros sete xa para o próximo curso, pero que ninguén mostrara esta necesidade, que de feito, o neno que entraba máis pronto, facíao as 8,30 da mañá, e os demais viñan cos irmás as 9,00 horas, cando empezaba o colexio e tamén apuntouse o feito de que esta necesidade debería vir canalizada a través da ANPA e sempre que houbera varias non só unha persoa.

e) En canto ó Ximnasio, a Sra. López García manifestou que tiñan intención de abrillo o máis axiña posible, que estaban facendo obras para mellorar as instalacións e que unhas cousas, pedían outras, que ó levantar as duchas tiveran

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

que poñer canalizacións novas, que efectivamente dixeran que ían a abrir o día 4 de novembro, pero que lles fora imposible, e que preferían deixar rematadas todas as obras antes da apertura, que querían abrir nas mellores condicións posibles, para non ter que pechalo unha vez aberto porque apareceran novas necesidades que arranxar.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO P.P. PARA SER CONTESTADAS NO PRÓXIMO PLENO.

- 1.- Resolución da Alcaldía 2019-0978 ¿a que corresponde esa factura?
- 2.- Resolución da Alcaldía 2019-0992 ¿a que corresponde esa factura?
- 3.- Resolución da Alcaldía 2019-1020 ¿a que corresponde esa factura?
- 4.- Resolución da Alcaldía 2019-1106 ¿a que corresponde esa factura?
- 5.- Resolución da Alcaldía 2019-1113 ¿a que corresponde esa factura?
- 6.- Resolución da Alcaldía 2019-1188 ¿a que corresponde esa factura?
- 7.- Resolución da Alcaldía 2019-1195 ¿a que corresponde esa factura?
- 8.- Resolución da Alcaldía 2019-1216 ¿a que corresponde esa factura?
- 9.- Resolución da Alcaldía 2019-1283 ¿a que corresponde esa factura?
- 10.- Resolución da Alcaldía 2019-1358 ¿a que corresponde esa factura?
- 11.- ¿Porqué se perdeu a subvención para a construción dun depósito de incendios na parroquia de Santo Tomé, por importe de 16.882,05 euros?

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506



Cod. Validación: 4F3Y7N4D7H9L KJTKZGG56A5JN | Corrección: <http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13